



## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 31 DE XANEIRO DE 2007 DA UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA SICUE DE MOBILIDADE ESTUDIANTIL PARA O CURSO 2007/2008**

O SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Españóis), desenvolvido pola RUNAE (Rede Universitaria de Asuntos Estudiantís) da CRUE (Conferencia de Rectores das Universidades Españolas), é un programa que permite a realización parcial de estudos nunha Universidade española diferente á de orixe do/a estudante, sen que este/a perda a súa condición de estudante da propia Universidade, e polo tanto, sen traslado de expediente.

A Universidade de Vigo pertence a este programa dende o curso 2000/2001 e ofrece a mobilidade expresada no ANEXO I.

Cada Centro da Universidade de Vigo no que existe mobilidade SICUE dispón dun/ha coordinador/a do intercambio, ao/á cal debe dirixirse o alumnado interesado en participar no programa, co gallo de acadar información sobre o plan de estudos da Universidade de acollida.

O programa asegura o recoñecemento académico das materias cursadas e superadas na Universidade de destino, sempre que estas non fosen previamente cualificadas con supenso na Universidade de Vigo.

A praza de mobilidade SICUE non dá dereito a axuda económica, non obstante, o alumnado acollido ao programa SICUE poderá solicitar financiamento a través do programa SÉNECA (Ministerio de Educación e Ciencia), na convocatoria anual que se fará pública trala selección SICUE polas Universidades participantes.

Por todo o anteriormente exposto,

### **ESTA REITORÍA RESOLVE**

Convocar o Programa SICUE de Mobilidade estudiantil para o curso 2007/2008, de acordo coas seguintes normas:

#### ***PRIMEIRA. Requisitos dos/as solicitantes***

- 1) Estar matriculado/a no curso 2006/2007 na Universidade de Vigo en estudos conducentes á obtención de títulos de diplomado/a, mestre/a, enxeñeiro/a ou licenciado/a.
- 2) Acreditar na data que finalice o prazo de presentación de solicitudes:
  - a) Para planes renovados
    - ter superados un mínimo de 30 créditos en diplomaturas e enxeñarías técnicas, e 90 créditos en licenciaturas e enxeñarías superiores, e
    - estar matriculado no presente curso en non menos de 30 créditos.

b) Para planes non renovados

ter superados como mínimo a metade das materias do primeiro curso da titulación en diplomaturas e enxeñarías técnicas, e o equivalente a un curso e medio nas licenciaturas e enxeñarías superiores, e

estar matriculado no presente curso en, polo menos, a metade das materias equivalentes a un curso académico.

Aos estudantes que non cumpran estes requisitos seralles denegada a petición sen entrar a valorar o seu expediente académico.

## **SEGUNDA. Condicións do intercambio**

En ningún caso poderán incluírse nos acordos académicos materias cualificadas con suspenso con anterioridade no Centro de orixe. Si poderán incluírse, sin embargo, materias matriculadas ás que o alumnado non se teña presentado e aparezan cualificadas con “non presentado”.

Poderanse cursar materias optativas do plan de estudos na Universidade de destino, non incluídas no plan de estudos na Universidade de Vigo, as cales serán incorporadas no expediente do/a alumno/a como optativas ou como libre elección.

O período de intercambio ten que coincidir co indicado nos convenios bilaterais, que en ningún caso poderá ser modificado.

Un mesmo beneficiario non poderá obter máis dun intercambio SICUE na mesma Universidade de destino, nin máis de un en cada curso académico.

## **TERCEIRA. Solicitudes e documentación**

O formulario de solicitude recollerase nos servizos administrativos dos Centros e Rexistros da Universidade de Vigo ou na páxina web da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado: <http://webs.uvigo.es/vicoap>.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

impreso de solicitude (ANEXO II)

fotocopia do DNI

fotocopia do resgardo da matrícula no curso académico 2006/2007

memoria xustificativa da petición (máximo 2 folios), en modelo libre

## **CUARTA. Prazo e lugar de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será **do 1 ao 20 de febreiro de 2007**.

A solicitude e maila documentación requirida poderá presentarse:

no rexistro xeral do Campus de Vigo (Reitoría - Campus Lagoas - Marcosende)

no rexistro auxiliar do Campus Histórico (E.U.E.T. Industrial – r. Torrecedeira – Vigo)

no rexistro auxiliar do Campus de Ourense (As Lagoas)

no rexistro auxiliar do Campus de Pontevedra (E.U.E.T. Forestal – A Xunqueira)

por calquera outro medio previsto na Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## **QUINTA. Selección de candidatos**

A selección de candidatos para participar nos intercambios farase valorando:

Cualificación media acadada ata a convocatoria de setembro do curso 2005/2006, de acordo co seguinte baremo:

Suspenso .....	0
Aprobado .....	1
Notable .....	2
Sobresaliente .....	3
Matrícula de Honra .....	4

Segundo o Real Decreto 1267/1994, a nota media obterase realizando a ponderación das devanditas cualificacións da seguinte forma: suma dos créditos superados multiplicados cada un deles polo valor da cualificación que corresponda, a partir da táboa de equivalencias sinalada, dividido polo número total de créditos cursados.

En caso de plans non renovados, realizarase a suma das cualificacións das materias superadas e dividirase polo número delas que se teñan cursado, tendo as cuadrimestrais a consideración de media materia para todos os efectos.

Para estes efectos, as materias validadas terán unha equivalencia de 1 ou, se foron validadas con posterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 1044/2003 que regula a expedición do Suplemento Europeo ao Título, a correspondente á cualificación obtida na universidade de orixe. Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no Centro de procedencia, e o recoñecemento de créditos en que non exista cualificación non se terá en conta para os efectos de ponderación.

Cando se trate de titulacións de segundo ciclo, a nota media obterase tendo en conta as cualificacións obtidas nos estudos de primeiro ciclo dende os que se accede á nova titulación.

Memoria xustificativa, cunha valoración máxima de 1 punto.

As prazas distribuiranse por orde de puntuación, non podéndose adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais establecidos para cada universidade.

No caso de empate na puntuación de varios candidatos, este resolverase a favor do candidato que teña máis créditos superados, no caso de persistir o empate terá preferencia o alumno que este matriculado no curso máis alto, e de non resolverse así farase por sorteo público no Servizo de Alumnado.

## **SEXTA. Listas de agarda**

O resto de candidatos que reúnan os requisitos e que non resulten adxudicatarios de prazas de mobilidade SICUE formarán parte das listas de agarda, ordeadas seguindo os mesmos criterios de selección.

Estas listas de agarda permanecerán en funcionamento ata o 30 de xuño de 2007.

## **SETIMA. Tramitación, resolución e publicación**

### *1) Tramitación*

O Servizo de Alumnado será o encargado da tramitación das solicitudes presentadas.

### *2) Resolución e publicación*

Unha vez efectuada a selección, mediante resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado publicaranse as listas provisionais de adxudicatarios das prazas de mobilidade, tanto nos rexistros xeral e auxiliares como na páxina web da Vicerreitoría (<http://webs.uvigo.es/vicoap>)

Unha vez publicada a relación provisional de adxudicatarios/as cos destinos correspondentes, abriase un prazo de reclamacións de 10 días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación.

**A resolución definitiva farase pública antes do 20 de marzo de 2007**, e a partir dese momento non se admitirán cambios nos destinos adxudicados.

### **OITAVA. Obrigas dos alumnos seleccionados**

Trala publicación da relación definitiva, o/a beneficiario/a da praza de mobilidade SICUE, o/a coordinador/a da titulación correspondente e o/a decano/a ou director/a do Centro de orixe deberán cubrir por triplicado e **antes do 15 de setembro** o acordo académico, cuxo formulario será facilitado polo/a coordinador/a do seu Centro de orixe.

Nas datas fixadas pola Universidade de Vigo na convocatoria de matrícula ordinaria para o curso 2007/2008, o/a estudante deberá realizar a súa matrícula no curso 2007/2008, indicando que ten concedida a mobilidade SICUE.

Na Universidade de destino o estudante deberá:

Dirixirse á unidade administrativa correspondente achegando un exemplar do acordo académico debidamente asinado pola universidade de orixe do estudante, que se asinará na universidade de destino e se devolverá á de orixe do estudante nun prazo non superior a 40 días dende a data da súa incorporación. O acordo académico terá carácter vinculante para os asinantes (alumno/a, Centro de orixe e Centro de destino), e só poderá ser modificado no **prazo de 1 mes** a partir da incorporación do estudante ao Centro de destino.

Matricularse no Centro de destino, tendo en conta que as taxas de matrícula serán aboadas exclusivamente na Universidade de orixe. Durante a duración do Programa de Intercambio, os estudantes serán alumnos do centro de orixe a todos os efectos, tendo os dereitos académicos e obrigas dos alumnos do centro de destino.

### **NOVENA. Prazos de renuncia e penalizacións**

Unha vez adxudicada unha praza de intercambio SICUE poderase renunciar a ela **ata o 30 de xuño**, o que dará lugar aos movementos correspondentes nas listas de agarda.

No caso de non presentar renuncia no prazo sinalado ou de non incorporarse ao intercambio no prazo establecido a tal efecto, o estudante será penalizado, polo prexuízo causado a outros posibles solicitantes, quedando excluído da posibilidade de intercambio durante un curso, salvo causa xustificada. En todo caso, considerárase causa xustificada a non concesión da bolsa Séneca, sempre que a renuncia sexa presentada no prazo de **7 días naturais** desde a data de publicación da resolución definitiva de adxudicación das Bolsas Séneca.

### **DÉCIMA.**

As normas da presente convocatoria serán tamén de aplicación ao alumnado externo que curse os seus estudos na Universidade de Vigo ao abeiro do programa de mobilidade estudiantil SICUE.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, 31 de xaneiro de 2007  
O REITOR  
Alberto Gago Rodríguez